



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 14 DE XANEIRO DE 2025

EXPEDIENTE: 2025/G010/000001

Visto que o pleno da Deputación Provincial de A Coruña, con data 29/11/2024, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS+ 2025”, regulándose simultaneamente o “POS+ ADICIONAL 1/2025” para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Visto que segundo as citadas bases, publicadas no BOP núm. 233, do 03/12/2024, o prazo de presentación de solicitudes de participación no citado plan rematará ás 15:00 horas do mércores 15 de xaneiro de 2025.

Visto que se ten ditaminado favorablemente, no día de hoxe, pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais a participación deste Concello no “POS+ ADICIONAL 1/2025” e que corresponde ao pleno da corporación a adopción do correspondente acordo en relación a este asunto.

Considerando, pois, os antecedentes anteriormente expostos, fundamentalmente a data límite establecida para a presentación da solicitude de participación no plan provincial, e o establecido no artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 210 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, no artigo 78 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no acordo do Pleno da Corporación, adoptado na sesión extraordinaria celebrada 13/07/2023, é polo que, en uso das facultades que me atribúen o artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar sesión extraordinaria do Pleno, que terá lugar no “**Salón de Plenos**” da Casa do Concello, o vindeiro día 14 de xaneiro (martes) ás 13:15 horas, coa seguinte orde do día:

Único- Participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 1/2025” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Segundo.- Notificar a presente resolución, con indicación dos recursos que proceda, aos Sres./Sras. concelleiros/as e proceder a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, o secretario accidental, Carlos Cruz Freire, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo).

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).